



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

Número 14 / 2022

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS PARA A ATENCIÓN DE VISITANTES AO DOLMEN DE DOMBATE (CABANA DE BERGANTIÑOS) E ACTIVIDADES CULTURAIS COMPLEMENTARIAS DE POSTA EN VALOR DO DOLMEN DE DOMBATE E A CULTURA MEGALÍTICA (2022)

Na Coruña, a 8 de abril de 2022

REUNIDOS

Dunha parte, Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte, Don José Muiño Domínguez, Alcalde Presidente do Concello de Cabana de Bergantiños.

EXPOÑEN

1.- A Deputación provincial da Coruña realizou numerosas actuacións encamiñadas á protección, conservación, rehabilitación, musealización e posta en valor do Dolmen de Dombate. En primeiro lugar adquiriu os terreos onde se sitúa o Dolmen e as leiras lindeiras. A continuación, posibilitou a realización das correspondentes campañas de escavación e realizou os estudos e actuacións necesarias para a súa axeitada conservación e en especial das súas pinturas, de extraordinaria valor arqueolóxica. Asimesmo construíu un edificio para a súa axeitada protección e outro para a musealización e recepción de visitantes, coa finalidade da súa revitalización dentro da teoría, activa e integral, do museo.

2.- O Concello de Cabana de Bergantiños leva cooperando coa Deputación provincial da Coruña na xestión cultural e turística do Dolmen, cun modelo de xestión do patrimonio no que os edificios e as actividades complementarias interactúan co espectador para facelo un actor activo, sensibilizando ao mesmo tempo sobre as posibilidades da cultura megalítica como reclamo turístico.

3.- O Concello de Cabana de Bergantiños quere intensificar a súa cooperación coa Deputación na xestión cultural e turística do Dolmen de Dombate.

4.- Coa finalidade de establecer as condicións de cooperación necesarias para a posta en valor deste conxunto megalítico, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cabana de Bergantiños acordan subscribir o presente convenio, segundo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto establecer as relacións de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cabana de Bergantiños CIF: P1501400D por medio do cal a Deputación Provincial da Coruña encomenda ao Concello de Cabana de Bergantiños, OS SERVIZOS DE ATENCIÓN DE VISITANTES AO DOLMEN DE DOMBATE E ACTIVIDADES CULTURAIS COMPLEMENTARIAS DE POSTA EN VALOR DO DOLMEN DE DOMBATE NO ANO 2022.

SEGUNDA: OBRIGAS DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS.

O Concello de Cabana de Bergantiños fará constar en todas as actividades, programas, folletos e carteis, etc., o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

A xestión do servizo de atención de visitantes implicará as seguintes obrigas por parte do Concello de Cabana de Bergantiños:

1. SERVIZO DE ATENCIÓN DE VISITANTES Ó DOLMEN DE DOMBATE.

- Facilitar a visita ao recinto patrimonial prestando os servizos de guía-monitor.
- Control do tránsito tanto no recinto como nos dous edificios priorizando sobre todo a protección do monumento Visitas guiadas cada 30 minutos (complementadas co visionado dun documental no centro de recepción e a visita á exposición).
- Coordinación co persoal de seguridade para formar grupos nas visitas guiadas.
- Controlar a utilización de cámaras ou equipos audiovisuais sen flash.
- Responder e aclarar as preguntas e dúbidas dos visitantes.
- Facilitar información turística e cultural (ao comezo e fin de cada visita guiada).
- Atender coa maior consideración e amabilidade aos visitantes.
- Elaborar unha estatística de visitas mensual e de xeito obxectivo e valorable.

2. Conservación e mantemento: o Concello de Cabana de Bergantiños deberá manter en perfectas condicións de conservación, tanto o inmoble coma os bens incluídos no mesmo, non podendo realizar obras no inmoble ou alterar as instalacións do mesmo.

3. Dinamizar o centro arqueolóxico dentro das actividades do propio museo.

SÉTIMA: UTILIZACIÓN POLA DEPUTACIÓN

O inmoble seguirá sendo propiedade da Excma. Deputación provincial da Coruña e en consecuencia poderá realizar no mesmo as actividades que estime oportunas.

OITAVA: VIXENCIA

- 1.O prazo de vixencia do presente convenio exténdese dende o 1 de xaneiro de 2022 e finalizará o 31 de marzo do 2023.
- 2.As actividades se realizarán, aos efectos de imputación dos gastos, entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro do 2022, e terán que estar xustificadas un mes antes do vencemento do período de vixencia do convenio.
- 3.Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio orzamentario.

NOVENA: NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo quedando as partes suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolver os conflitos que puidesen xurdir na súa aplicación. En todo caso aplicárase de maneira supletoria a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

DECIMA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento das cláusulas do convenio.
- A aplicación dos fondos percibidos a fins distintos aos que deron lugar á súa concesión.
- A falta de xustificación das cantidades na forma establecida no convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia núm. 3362 de data 18 de xaneiro de 2022.

E en proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente Convenio por duplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

**O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DA CORUÑA.**

**O ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE CABANA DE
BERGANTIÑOS.**

Asdo.: Valentín González Formoso

Asdo.: José Muiño Domínguez

**A SECRETARIA XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo. Amparo Taboada Gil

4. Fomentar o estudo e a investigación en colaboración coas agrupacións culturais da zona.
5. A elaboración e difusión de métodos didácticos e informativos especialmente relacionados coa cultura da zona.
6. Promover actividades culturais: conferencias, gastronomía da zona, protección do patrimonio etc en relación con colectivos culturais e educativos da zona.
7. Establecemento de relacións e contactos con outros centros e museos.
8. Respetar e coñecer os criterios de acceso e uso do centro de recepción e pavillón do Dolmen de Dombate.
9. O Concello de Cabana de Bergantiños asume a obrigación de facer constar a cooperación da Excma. Deputación Provincial de A Coruña en todos os soportes que se empreguen para a difusión e divulgación da actividade obxecto do presente convenio.

2. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS A REALIZAR:

2.1. CAMPAÑA DE VISITAS ESCOLARES E OBRADOIROS DE PREHISTORIA

- Ofrecer os venres de xaneiro, febreiro, outubro, novembro, decembro para as visitas escolares. Ademais, os meses de marzo, abril, maio e xuño tamén haberá **obradoiros de prehistoria gratuítos** para escolares os **mércores, xoves e venres**.
- Os obradoiros realízanse nun espazo adaptado que funciona como “aula de talleres” no Local Social de Borneiro, a 500 m. do Centro Arqueolóxico. A visita guiada será en Dombate adaptada ás idades do alumnado, con visionado de documentais e lectura de textos literarios.
- Contacto con todos os centros de ensino da provincia e coordinación coa sección de Turismo Escolar da Deputación da Coruña.
- EMPRESAS OU ENTIDADES ENCARGADAS: GALIPAT S. L., Servizo de Atención ós Visitantes.

2.2. XORNADAS, CHARLAS, PRESENTACIÓNS, VISITAS ESPECIAIS

- Convidar a científico@s, arqueólogo@s, escritor@as... para que acheguen a Dombate todo tipo de público e intereses aproveitando a zona de audiovisuais do centro.
- EMPRESAS OU ENTIDADES ENCARGADAS: Profesores/as, investigadores/as e persoeiros da vida cultural e científica.

2.3. CELEBRACIÓN DA PRIMAVERA EN DOMBATE

- Actividade que xunta música, teatro, xogos populares... para celebrar a chegada da primavera a Dombate, o inicio dun ciclo que rematará o 21 de xuño co solsticio de verán.
- EMPRESAS OU ENTIDADES ENCARGADAS: La Voz de Galicia, Departamento de Cultura e Deportes do concello de Cabana de Bergantiños.

2.4. VISITAS TEATRALIZADAS

- Representación teatral adaptada ó xacemento e aos visitantes. Para que non coincida coas visitas dramatizadas do Castelo de Vimianzo e Torres do Allo lévanse a cabo en dúas sesións (18.00e 19.30) nos sábados de xullo e agosto. Visitas especiais abertas a veciños e visitantes para que coñezan Dombate desde outro punto de vista.
- EMPRESAS OU ENTIDADES ENCARGADAS: Os Quinquilláns, Servizo de Atención ós Visitantes

2.5. VERÁN EN DOMBATE

- Actividades de música, teatro, monicreques, contacontos, xogos populares... para celebrar a chegada do verán a Dombate.
- EMPRESAS OU ENTIDADES ENCARGADAS: Servizo de Atención ós Visitantes, músicos, contacontos, animación sociocultural...

2.6. RUTA E NOITE DAS ESTRELAS.

- Actividade xa habitual no verán cabanés e de grande poder de convocatoria. Ruta circular con inicio e fin no aparcadoiro de Dombate e que sube ó monte de Borneiro para contemplar a “chuvia” de Perseidas na noite de San Lourenzo.
- EMPRESAS OU ENTIDADES ENCARGADAS: Servizo de Atención ós Visitantes, físico Jorge Mira.

2.7. MASTER CLASS MUSICAL EN DOMBATE

- Clase maxistral e concerto de música clásica ou tradicional que se leva a cabo na zona verde do Centro Arqueolóxico, cando o tempo o permite, ou no centro de recepción de visitantes se non é posible no exterior (2 sesións).
- EMPRESAS OU ENTIDADES ENCARGADAS: grupos e intérpretes galegos ou de fóra de Galicia.

2.8. OUTONO EN DOMBATE

- Actividades de música, teatro, monicreques, contacontos, xogos populares... para celebrar a chegada do outono a Dombate e roteiro máxico do Samaiñ.
- EMPRESAS OU ENTIDADES ENCARGADAS: Servizo de Atención ós Visitantes, músicos, contacontos, animación sociocultural...

2.9.CAMPAÑAS DE DIVULGACIÓN E PUBLICIDADE

- Campaña de difusión na prensa escrita, radio, redes sociais... para que o maior número de xente posible estea informada das actividades de Dombate cun diálogo constante con todos os interesados.
- Tamén se seguirá colaborando cos xornais de maior tirada na provincia e máis lidos na contorna concertando publicacións en datas sinaladas.
- EMPRESAS OU ENTIDADES ENCARGADAS: La Voz de Galicia.

TERCEIRA: ATENCIÓN DO PERSONAL E HORARIO

O Servizo de Atención a Visitantes e demais actividades deberán prestarse por profesional cualificado, ben con persoal propio do concello ou ben cos correspondentes contratos que realice ó amparo do establecido da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. En ningún caso o persoal que adscriba o concello ao obxecto do contrato baixo calquera modalidade laboral ou administrativa suporá creación de relación laboral algunha coa Excma. Deputación Provincial da Coruña.

O horario de atención ao publico será como mínimo:

A. TEMPADA BAIXA (1 xaneiro-28 febreiro)//(19 setembro-31 decembro):

Centrar a atención a visitantes nas fins de semana e ofrecer os venres para que os centros educativos poidan participar das visitas guiadas. En tempada baixa, a xornada será de 6 horas tendo en conta o horario escolar e o cambio de horario no outono e inverno:

De venres a domingo (10.30 h. a 14.00 h.// 16.00 h. a 18.30 h.)

B. TEMPADA EXCURSIÓNS DE PRIMAVERA (4 marzo-30 xuño):

Debido á maior concentración de excursións escolares e á campaña de obradoiros de prehistoria na primaveira, ampliamos os días de visitas semanais a martes, mércores, xoves e venres. As fins de semana (sábado e domingo) comeza o horario de verán ampliando as horas de visita guiada (7 horas/ día):

De martes a venres: (10.00 h. a 14.00 h.)

Fins de semana: (11.00 h. a 14.00 h.//16.00 h. a 20.00 h.)

Nota: : En Semana Santa (do 28 de abril ao 17 de abril), haberá servizo de visitas todos os días: (11.00h. a 14.00h.//16.00h. a 20.00 h.)

C. TEMPADA ALTA (1 de xullo-15 de setembro):

De luns a domingo (11.00 h. a 14.00 h.//16.00 h. a 20.00 h.)

Nota: Debido á baixada de visitantes a partir do 15 de setembro decídese reducir o horario e comezar coa tempada baixa.

VISITAS GUIADAS NOCTURNAS:

- Aproveitando o edificio do pavillón de Dombate, con iluminación interior graduable para poder crear distintos ambientes e boa acústica para música de fondo, continúase coas visitas nocturnas como actividade especial nas noites de verán.
- Para as visitas é preciso inscrición previa e teñen 1 hora de duración (de 23.00 a 24.00 horas). Ofrécese unha visita cada 15 días cun aforamento limitado de 30 persoas.

XULLO: días 8 e 22 // AGOSTO: días 5 e 19

Para os visitantes en xeral e excursións organizadas porase a disposición do público **un teléfono de atención a visitantes de luns a venres** en horario de **09.00 a 14.00** horas: **981 75 40 20** e un teléfono móbil con acceso a internet **672435736** en horario de visitas guiadas.

Tamén se poderá reservar cita por correo electrónico no e-mail: **cultura.concello@gmail.com**

CUARTA.- OBRIGAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

1.- A Deputación Provincial da Coruña abonará ao Concello de Cabana de Bergantiños ata un máximo de 62.184,41 euros en concepto de prestación dos servizos de atención de visitantes ao dolmen de Dombate e actividades complementarias durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro do 2022 e o 31 de decembro de 2022, con cargo á aplicación orzamentaria 0112/3362/22609.

2.- No caso de que os gastos xustificados non cubertos con ingresos da actividade, foran superiores, a achega provincial non superará en ningún caso a cantidade indicada na presente cláusula.

QUINTA.- FORMA DE PAGO

A Deputación Provincial abonará ao Concello de Cabana de Bergantiños a achega correspondente da seguinte maneira con arranxo á seguinte desagregación:

- Efectuaranse 4 pagos trimestrais , polo importe correspondente ao 100% dos gastos non cubertos por ingresos da actividade correspondentes ao citado trimestre e correspondentes a períodos vencidos.
- En consecuencia non se efectuará ningún pago por anticipado.
- Requirirán a presentación de certificación de gastos e ingresos durante o devandito trimestre, expedida polo Sr. Secretario co Vº e pr. do Alcalde-Presidente do Concello de Cabana de Bergantiños.
- Acompañarase ademais memoria onde se indicarán as actividades realizadas, persoal adscrito aos servizos e informe estatístico de visitantes.
- Cada pago requirirá informes favorables dos Servizos de Patrimonio e Contratación e de Fiscalización.
- Para a cobranza de cada unha das achegas provinciais, o Concello de Cabana de Bergantiños deberá presentar certificación de estar ao corrente das obrigacións tributarias e de seguridade social.
- Así mesmo deberá estar ao corrente das súas obrigacións fiscais coa Deputación provincial da Coruña, situación de que se determinará de oficio a través do Servizo Provincial de Recadación.
- O Concello deberá presentar certificación dos ingresos producidos por achegas de entidades públicas ou privadas, se os houbese.
- O importe da achega da Deputación provincial da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

SEXTA.- SUPERVISIÓN POLA DEPUTACIÓN

Sen prexuízo das facultades de vixilancia e inspección que corresponden á Presidencia da Deputación Provincial, o Servizo de Patrimonio e Contratación por si ou a través doutros Servizos Técnicos da Deputación, poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmovible e bens adscritos, e o cumprimento dos fins do presente convenio.

As actividades que desenvolva o Concello no Edificio do Dolmen non poderán superar o aforamento de 25 persoas no interior do mesmo, de acordo coas recomendacións da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta da Galicia, e en todo caso, as actividades deberán ser compatibles coa finalidade e adecuado uso deste ben cultural, para o que se deberán adoptar todas as medidas necesarias para a súa total protección e perfecta conservación. Para estes efectos o Concello solicitará da Deputación, cunha antelación polo menos de 15 días, autorización para a realización de cada unha das actividades especificando as datas, horarios e acompañada dunha memoria xustificativa

A Deputación da Coruña e o Concello de Cabana de Bergantiños traballarán durante o período de vixencia deste convenio para crear unha Comisión político-técnica integrada por persoal político e técnico destes dous entes, e para a cal tamén se solicitará a participación da Xunta de Galiza, Comisión que velará pola correcta adecuación das actividades obxecto deste convenio no marco de preservación do ben patrimonial e noutras cuestións que teñan que ver co bo estado de mantemento e conservación do mesmo.